

**Calros Solla** naceu en Pontevedra no ano 1971. É profesor de historia e lingua galega, etnógrafo e escritor. Membro fundador do colectivo cultural e ecoloxista Capitán Gosende. Membro da Sección de Literatura de Tradición Oral da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG).

No eido poético, é autor dos poemarios *Xábregho* (1999), *Mel de arañas* (2000), *Terras raras* (2001) –todos tres recollidos na antoloxía *Ras e tritongos* (2003)–. Os versos de *Xábregho* e *Mel de arañas* foran galardoados co 1º Premio de Poesía no I Certame Literario da Facultade de Filoloxía da Universidade de Vigo (1992). É autor tamén de *Cerdedo in the Voyager I* (2004) e *Libro de reclamacións* (2005), coleccións de poesía visual, e mais dos libros de “retrónicas” *reGaliza e outras chuches* (2008) e *O orgullo do gurgullo* (2012), tributo á Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) no seu 25 aniversario. En 2010, saíu do prelo *Pan prós crocodilos*. Ese mesmo ano, foi merecente do Premio de Poesía Johán Carballeira polo poemario *MazinGZ* e, en 2011, do Premio de Poesía Victoriano Taibo polo poemario *Holocausto zacoe*.

O máis da súa obra poética espállase por libros colectivos e revistas literarias, entre os que salientamos: *X Festival da poesía no Condado* (1990), *Muller de doce sal*. *Homenaxe a Inés Canosa* (2000), *Das sonoras cordas. 15 poetas desde Galicia* (2005), *Poesía contemporánea: Tabeirós-Terra de Montes* (2005), *Pontevedra literaria* (2007), *Polifonías II. Voces poéticas contra a violencia de xénero* (2007), *Bernardino Graña. Homenaxe no 75 aniversario* (2007), *Polos camiños de Cangas. 25 anos do certame de poesía María Soliño* (2010), *XXIV Festival da poesía no Condado* (2010), *Dairas* (2011), *Poema río dos Gafos* (2012), *150 Cantares para Rosalía de Castro* (2015); *Madrygal, Dorna, Verbo Xido, Arraianos...*

No eido histórico-etnográfico, como estudoso da bisbarra de Terra de Montes, forneceu a súa colección “Cerdedo in the Voyager” cos seguintes títulos: *Cerdedo. Materiais para o estudo da freguesía de San Xoán de Cerdedo. Inventario xeral* (2002), *Cerdedo na obra do Padre Sarmiento* (2002), *Almanaque de encantos. Mitoloxía da Terra de Cerdedo* (2005), *Monte do Seixo. Reivindicación da Montaña Máxica* (2007), *Monte do Seixo. O santuario perdido dos celtas* (2008) –o seu labor de estudo e divulgación do monte do Seixo foi merecente do Diploma de Honra outorgado polos Amigos da Cultura Celta (Narón, 2011)–, *Cantares de Manuela de Barro. Achegas ao cantigueiro de Cerdedo* (2008), *Carta arqueolóxica do concello de Cerdedo* (2009), *O vervo xido. A fala secreta dos canteiros de Cerdedo* (2011), *O ano que chimpamos o cacique. Crónica do agrarismo en Cerdedo* (2011), *O código da vincha. Retrincos da intrahistoria de Cerdedo* (2012), *O crime de Pardesoa* (2013), *As pedras da tribo. Retrincos da intrahistoria de Cerdedo II* (2014), *Amuletos, talismáns e pedras da fartura: Obxectos de poder da Galiza tradicional* (2014), *A conxura dos Gosende. Retrincos da intrahistoria de Cerdedo III* (2015) e *Así aprenderán a non ter ideas. Agrarismo, caciquismo e República en Cerdedo* (2016).

Así mesmo, como colaborador da asociación cultural e ecoloxista Vaipolorío, deu ao prelo: *Andar primeiro de río. Inmateriais do río dos Gafos* (2009), *O demo asubiador* (2014) e *O río da memoria. Cartafol do río dos Gafos (1745-1970)* (2014).

Polo seu traballo incansable de promoción e posta en valor da lingua e da cultura galega e nomeadamente do patrimonio natural e inmaterial do concello de Pontevedra, concedéuselle o Premio Cidade de Pontevedra 2015.

Como afeccionado á arqueoloxía, amais de identificar, no monte do Seixo, por riba dunha trintena de “pedras con lenda” (estacións míticas) –entre elas, a xa célebre Portalén–, ten atopado, no concello de Cerdedo, numerosos depósitos ou pezas de notábel valor arqueolóxico: o pétreo antropomorfo nomeado Xacente do Coto das Insuas (O Serrapio-Pedre), o muíño navicular do Castriño (Fondós-Quireza), os gravados rupestres do Monte de Baixo (Limeres-Cerdedo), os gravados rupestres da Laxa das Filloeiras (Pedre), o gravado rupestre da Laxa do Sangal (Cerdedo), o gravado rupestre do muíño de Herdeiros de Baixo (Abelaíndo-Cerdedo), o gravado rupestre do Outeiro da Bichoca (Chamadoira-Cerdedo), o gravado rupestre da Cerqueira (Biduído-Cerdedo), o gravado rupestre do Outeiro de Riba (Biduído-Cerdedo), o gravado rupestre de Carballás (Cerdedo), o gravado rupestre do monte de Laxoso (Quireza), os gravados rupestres do Outeiro da Corva I e II (Pedre), o gravado rupestre da Porteliña (Tomonde), o gravado rupestre da Lomba de Castrodiz (Figueiroa), o gravado rupestre de Vilarchán (Quireza), os gravados rupestres da Laxa da Romaxe I e II (Pedre), o gravado rupestre de Porriñeiras (Figueiroa), o gravado rupestre do Coto Laceiras (Figueiroa)...

Na parroquia de Cerponzóns (Pontevedra), atopou o gravado serpentiforme da pedrafita do monte Curuto. No concello da Estrada, os gravados rupestres do Outeiro da Pena I, II e V (Sabucedo). No concello de Forcarei, o gravado rupestre do Vieiro (Castrelo)...

É artífice dos itinerarios culturais *Roteiro Sarmiento* (Cerdedo), de 2002, *Roteiro da Montaña Máxica* (monte do Seixo), de 2006, *Roteiro da Pantalla* (Cerdedo), de 2011, e *Roteiro polo Pedre milenario*, de 2013, inseridos no seu *Proxecto Montaña Máxica*, co que porfía, a carón da colección de ensaios “Cerdedo in the Voyager” (Ed. Morgante), na dignificación da terra cerdedense. Xunto co Grupo de Estudos Etnográficos “Serpe Bichoca” realizou o documental *Monte do Seixo. A Montaña Máxica* (2009). En 2012-13, comisariou a exposición “De rezos a conxuros” (colección particular de amuletos, talismáns e outros obxectos de poder da cultura tradicional) no Museo Etnográfico Liste (Vigo), que foi visitada por perto de dez mil persoas.

Á súa angueira investigadora e creativa engádeselle a súa faceta de conferenciante no ámbito da mitoloxía popular e da defensa do patrimonio. Consignado no *Dicionario de Escritores de Taberós-Terra de Montes* (2004), é adoito colaborador da prensa escrita (de xeito cotiá, no xornal *Faro de Vigo*) e da web *Galicia Encantada*. Mantén na internet os blogs *O Embigo do Becho* e *Cerdedo in the Voyager*.